

ferradura en tránsito

Xuro que loitarei para que a miña lingua alcance o máis amplo uso social, dentro e fóra da miña comunidade, e obteña a máxima difusión e recoñecemento en todos os ámbitos sociais.(Noeli Pocaterra)

crítica de TODO CANTO FOMOS (Xosé Monteagudo, Galaxia)

Filed under: [ACTUALIDADE LITERARIA](#), [CRÃ“NICA DA CRÃ“TICA](#), [CRÃ“TICA DE ACTUALIDADE](#) — 28 de Xuño de 2016 @ 5:39 p.m.

TODO O QUE PUIDEMOS SER

Título: Todo canto fomos

Autor: Xosé Monteagudo

Editorial: Galaxia

Que outra cousa, senón, é unha novela máis ca un conxunto de episodios contados nunha orde e consonte unha xerarquía que lles outorga significado? (197) Sólida declaración de principios que responde tanto ao que é a individualidade da novela que nos ocupa como á novela como xénero. Arquitectura. A novela é unha arquitectura secuencial dotada de significado. Pura arquitectura verbal que se pode facer mesmo extensiva ao que é a literatura en si, pois calquera xénero pode responder, máis ou menos xenerosamente, a esa definición .

Amaro, emigrante na Arxentina de finais do XIX, que se abre camiño ata facerse dono dun curtidoiro. Carlota, mestra que ten que loitar conta a ignorancia e os prexuízos dunha sociedade rural moi condicionada pola Igrexa e o poder caciquil. Anxo Daponte, historiador que está nalgúns momentos decisivos da historia do século pasado, como a fundación do Partido Galeguista en Pontevedra. Maribel, nena do hospicio, que vai de familia en familia até que é adoptada definitivamente. Un escritor ,galego, afincado en Inglaterra, de novela detectivesca, a quen a nai lle lega un feixe de papeis que reconstrúen a historia familiar. Velaquí os vimbios con que Xosé Monteagudo estrutura a arquitectura desta novela de grande calado, pois o escritor de Moraña (1965) escolle un formato longo e esixente para este seu quito proxecto narrativo, despois de deixarnos [As voces da noticia](#) (2002, premio Blaco Amor), [Esta historia](#) (2005), [Un tipo listo](#) (Premio García Barros no 2009) e [O curioso mundo das persoas normais](#) no 2012.

Escrita en terceira persoa, Monteagudo alterna as diferentes cara do prisma, que acabrán por tocarse e confluír nun único final que aquí non queremos desvelar. Ler a

novela é como ir lendo a novela que escribe o escritor, que pasa unha tempada coa súa filla adolescente, coa que non tiña unha relación nin boa nin estábel. Como ir xuntando as diferentes pezas dun puzzle que presentimos único mais ignoramos como encaixarán os diferentes ángulos deica o remate; por mais que poidamos ir supoñendo o encaixe dalgunhas, o final sorprenderanos igualmente. Este carácter poliédrico permítelle ao autor tocar unha serie de temas de moita actualidade aínda hoxe e que converten os protagonistas en verdadeiros avanzados nestas loitas. Velaquí está o caso da emigración, que tristemente seguimos padecendo; a loita das mulleres, sobre todo das mulleres do rural, por acceder ao mundo da cultura e contra os prexuízos enraizados na sociedade, é moito o que se avanzou mais tamén é certo que o problema segue existindo; ou a loita pola construción nacional de Galiza, que leva á novela a personaxes como Castelao ou Bóveda. En definitiva, a loita por coñecer o pasado de xeito que este ilumine un presente que pretendemos controlar aínda a sabendas das lagoas que a historia nos presenta e que ignoramos como se non foran con nós.

A novela asenta tanto na arquitectura secuencial como nunhas personaxes densas e moi ben perfiladas, personaxes transgresoras que loitan por un mundo mellor, por mellorar as circunstancias de vida propias mais tamén as dos demais. Unhas personaxes percorridas por un *fatuum* que desoñecen e que só se revelará no final, que as condena a un fracaso vital que evitan como poden, agás no caso do escritor, que por circunstancias históricas está libre del aínda que non das súas consecuencias. Por iso a novela é a novela de *todo canto puidemos ser*, todo canto se nos permitiu ser, pois as personaxes aparecen suxeitas ás circunstancias históricas que marcan aquilo que se les permite ser e aquilo que se lles nega, que se lles veta. Salienta o caso de Amaro, verdadeiro triunfador na vida, que regresa a unha sociedade na que segue pulando por melloralala, mais que lle fará pagar caros os seus esforzos. Tamén Maribel e Carlota son personaxes transgresoras, cada unha no seu tempo, e tamén ambas rematarán por pagalo, cada unha á súa maneira.

En definitiva, **Todo canto fomos** é un proxecto narrativo complexo e de altas miras do que ao autor sae moi ben parado. A novela, na que a administración da información constitúe un aspecto moi ben tratado, igual que o xogo estrutural, demanda unha lectura atenta en tanto que as referencias temporais son mínimas e o lector é quen debe completar o contexto histórico, do que se nos achegan momentos clave. Mais se eses momentos clave da historia son importantes (os correspondentes á República e posterior golpe de estado, coas súas consecuencias) teñen unha importancia especial, tan importante é o carácter transgresor das personaxes, auténticas loitadoras nun mundo hostil.

Iso si, bótase de menos un pouco de máis coidado coa onomástica galega.

[crítica de TEMPOS DE BEBIDAS ISOTÓNICAS E FAST-FOOD \(Álex Alonso, Xerais\)](#)

Filed under: [ACTUALIDADE LITERARIA](#), [CRÁ“NICA DA CRÁTICA](#), [CRÍTICA DE ACTUALIDADE](#) — 22 de Xuño de 2016 @ 8:32 p.m.

BOCADOS DE REALIDADE

Título: **Tempos de bebidas isotónicas e fast-food**

Autor: Álex Alonso

Editorial: Xerais

Se a literatura, directamente ou por contraste, non reflicte os aspectos do acontecer social (do intre en que é producida ou de claquera outro momento histórico, mesmo futuro), entón é menos literatura. Non deixa de selo mais incumpre unha das funcións básicas das que co tempo se foi dotando, porque é unha das que lle conceden carta natalicia. Como a fast-food, é comida, mais cun moi diminuído valor nutricional. Ben acaída nos vén a comparanza, desde o mesmo título da obra que nestas liñas reseñamos, mais é que a literatura tamén ten unha función nutricia: ser alimento da alma, fóra de calquera concomitancia relixiosa e por iba de calquera restricciónismo que isto lle poida conlevar. Así o entende Álex Alonso, autor novo mais coñecido xa por quen segue a literatura galega, pois foi mención especial do xurado no XII Certame Manuel Murguía de narracións breves; gañador, en 2010 do Certame de relatos de muller Matilde Bares, e agora Premio Ánxel Fole narrativa cura con esta obra que nos ocupa e que deixa ben clara a súa intencionalidade desde mesmo título. **Tempos de bebidas isotónicas e fast-food**, son trinta relatos breves, de moi distinta fasquía, que retratan as condicións socioeconómicas do tempo que nos está tocando vivir. Desde as torturas, as pateras, á corrupción política ou a política lingüística, aparecen aquí reflectidos temas da Galiza do hoxe desde unha inquebrantábel pertenza ás Rías Baixas (Vigo, Pontevedra) inclusive nos xiros lingüísticos.

A verdade é que o libro é tan variado que se fai difícil escoller cal é o mellor do relatos, todos percorridos polo afán de realismo e non exentos dun humor retranqueiro tan noso. Se “O curso de novas tecnoloxías”, que abre o volume, nos ensina unha sociedade que se entretén en superfluidades tan modernas como inútiles, “Vitrasa” é unha contundente denuncia da estúpida violencia racial e as “Crónicas marcianas” lévannos ao horror que está a vivir Palestina. Mais é que o segundo, “Sucidade de benestar” nos instalou dentro da realidade do suicidio por despexamentos e tampouco podemos esquecer o terceiro “Balón medicinal” que, sen

desbotar o humor, nos leva deica a realidade do inferno de quen padece bullying polo simple feito de ser gordo; e o seguinte “Ceda o paso” nos reinstala dentro dos lindes da estafa polas preferentes e aínda queda a contundencia de “*By Glory Lake*”. Eis unha palmaria demostración de que o realismo pode ser moi divertido de ler.

Con preferencia pola primeira persoa narrativa, o que reforza a sensación de realismo, Álex Alonso opera unha transición nada doada. Estanos a falar de asuntos serios, en catro casos bota man dos medios de comunicación como fonte de autenticidade dos relatos, mais aínda así o autor topa o momento para a retransca, para o humor fino e sensíbel. Sensíbel, se hai que procurar una palabra defintiroria para estes bocados de realidade, esta ten que facer referencia á sensibilidade social que destilan uns relatos que ás veces chegan a ser parateatrais e outras asoman ao multiperspectivismo, como mostra da diferente fasquía técnica que os caracteriza, e a sensibilidade con que se nos contan, capaz de pasar dun rexistro serio a outro humorístico sen que renxan as tramas, sen que se poia acusar de oportunismo ou de procurar a ocorrencia doada, aspecto este que eleva a escrita de Álex Alonso.

Cun relato non se gaña o lector, nin con tres ou catro, cando estamos a falar de trinta, a regularidade técnica é un aspecto moi salientábel neste título que abre unha fiestra de ar fresco no actual panorama literario. O lector pode estar na seguranza de que lectura deste **Tempos de bebidas isotónicas e fast-food** o agradará e será ben complicado escoller cal é o mellor conto, pois todos contan con algo que os individualiza fronte aos demais, xa sexa pola cualidade técnica (poñamos como exemplo “Vitrasa”) ou pola actualidade (poñamos como exemplo “Eu confeso”, onde se xoga coa dupla moral eclesiástica). Nós renunciámos a escribir de cada un dos trinta en boa parte para non derramar a sorpresa que o lector levará encetando a lectura de cada seu relato. Mais queremos comentar un aspecto que non nos gustou, e que non é outro que o recurso ao hiperrealismo lingüístico, e algún castelanismo supérfluo que se pode atopar ao longo do volume. Do resto, eis un título que se deixa ler con amabilidade, que quere ser lido en ton desenfadado mais sen perder nada de seriedade no tratamento dos temas.

ASDO.: Xosé M. Eyré

Comentarios desactivados en crítica de TEMPOS DE BEBIDAS ISOTÓNICAS E FAST-FOOD (Álex Alonso, Xerais)

[crítica de BOSQUEXOS PARA UNHA DISTOPÍA \(Alberte Momán, Redelibros\)](#)

Filed under: [ACTUALIDADE LITERARIA](#), [CRÂNICA DA CRÂNICA](#), [CRÍTICA DE ACTUALIDADE](#) — 15 de Xuño de 2016 @ 6:16 p.m.

Título: **Bosquexos para unha distopía**

Autor: Alberte Momán Noval

Editorial: Redelibros

Enténdase distópico como aquel discurso que describe estados sociais e/ou políticos irreais ou imaxinarios. A meirande parte das distopías describen sociedades que son consecuencia das tendencias actuais e que levan a situacións totalmente indesezábeis, mostrando tendencias actuais con fins apocalípticos. Das tres historias que aquí nos presenta Alberte Momán, só a terceira é claramente distópica, aínda que as outras dúas poden entrar dentro dos parámetros antes expostos para entender distopía. Segundo a presentación editorial amosan a *violencia e o acoso como feridas do subconsciente, no tempo no que a educación e a xustiza miran de semellar ausentes*. Entendéndose que tal xustiza e tal educación son no tempo real en que son escritas, pois na ficción apenas aparecen ambas senón é como un constructo social. Desde este punto de vista son sociedades alternativas, ás veces tinxidas dun surrealismo que lles acae moi ben.

A primeira delas conta o que acontece a redor dun bar no que se suida nas proximidades un home acusado de obesidade mórbida. A partir de aí vanse sucedendo as reaccións tanto da xente do bar (Lucía, camareira) como de clientes (Ernesto) , veciños afectados polo acto (Maura, ve desde a fiestra o suicidio) simples viandantes (ao suicidarse mata a dúas persoas que estaban debaixo) ou traballadores que acudían efectuar reparacións (Mario). O resultado é o dunha sociedade na cal o acto do suicidio (terríbel é o momento no que decides por fin á túa vida carente de esperanza) ten un eco simplemente curioso, non pasa dunha curiosidade inclusive risíbel que altera en certa maneira a súa rutina diaria. A violencia da decisión de suicidarse vese correspondida pola violencia coa que o resto da sociedade obvia o acto. Desde logo resulta descorazonador que a decisión mortal, levando por diante dous inocentes que por acaso estaban debaixo, ache tan pouca comprensión, atope nula comprensión do resto da sociedade que se di civilizada mais que só mira como curiosidade (que lles afecta a rutina diaria) o feito de que alguén decida tiarse a vida. Mais é a sociedade na que vivimos, unha sociedade que xanta vendo guerras na televisión, ou a traxedia dos mortos pola fame que a sociedade do priemiro mundo non sabe evitar, nin sabe nin quere, porque para ela xa só son simples curiosidades. Parece terríbel a conclusión, mais é así sen ningún tipo de discusión. A sociedade humana ten moi pouco de humana, case nada, case só é anecdótico o carácter humano.

A segunda das historias, e a máis breve, presenta, no hemisferio sur de Galiza, unha festa na cal se fai unha churrascada. Aparece unha turista e máтана. Mentres no hemisferio norte un condutor chega ao bar dunha estación de servizo, onde o matan, mais resucita unha vez que a cociñeira fai amor con el, finalmente

mata un camareiro e marcha, chegando ao hemisferio sur na procura da turista. Finalmente sérvenlle da churrascada en que presumibelmente se convertiu o corpo da turista. Violencia e humor acedo caracterizan a sociedade.

A terceira das historias remítenos á **Alicia no país da marabillas** de **Lewis Carrol**, mais esta é outra Alicia ben distinta, refuga entrar no tobo do coello e atopa unha amante, Ivonne, de xeito que, despois, mesmo os bicos e caricias que se deparan resultan violentos se nos remitimos á Alicia orixinal. Como é de agardar non é a única violencia e Ivonne resulta unha boa fiilosofadora sobre cuestións éticas, por exemplo sobre a ética da dominación. O sombreireiro con que se atopa volve remitirnos a Lewis Carrol, e un chisco menos a Raíña Branca (de Corazóns no orixinal). E a Alicia de Alberte Momán aínda executa outras violencias, por exemplo sobre o pai, que non imos desvelar. Digamos simplemente que esta é unha Alicia que escolle ficar deste lado do espello por moitas marabillas que se lle ofrezan do outro lado.

Alberte Momán compón así un libro de tres historias de lectura desacougante, como podían ser trinta, ese humor acedo, ese surrealismo distópico serían idénticos. Un xeito de avisar a esta sociedade de que xa está ben, que indo polos camiños que transitamos nada quedará incólume, mesmo os contos para cativos resultan trastocados e cun significado ben diferente ao orixinal. Infortunadamente, deste lado do espello, todos sabemos o caso que se lle vai facer ao aviso de Alberte Momán, que non é a primeira vez que aviso semellante se produce, nin será esta a derradeira vez, pois vivimos nunha sociedade opaca aos avisos que se lle van dando desde as diferentes latitudes da cultura.

ASDO.: Xosé M. Eyré

Comentarios desactivados en crítica de BOSQUEXOS PARA UNHA DISTOPÍA
(Alberte Momán, Redelibros)

crítica de O ANXO NEGRO

Filed under: **ACTUALIDADE LITERARIA,CRÃ“NICA DA CRÃTICA,CRÍTICA DE ACTUALIDADE** — 8 de Xuño de 2016 @ 6:39 p.m.

HISTORIA DA SANTA ROUBADA

Título: **O anxo negro**

Autor: Manuel Gago

Editorial: Xerais

Anxo negro: aquel que promove e defende os intereses da Igrexa nos lugares onde a Igrexa non debería estar, e que polo tanto emprega procedementos que a Igrexa nono debería coñecer oficialmente. Un anxó negro é un axente silencioso que opera en liberdade, sempre co obxectivo final dos principios da Santa Madre Igrexa, fiel e inquebrantábel, habitante do lumpen do mundo (363). Por habitante do lumpen do mundo aquí enténdese aquel que mercadea cos propios bens da Igrexa Como a Santa Mariña (en realidade unha Virxe María, mais como veu polo mar e os mariñeiros lle teñen tanta devoción...) de Cereiro, parroquia ficticia da Costa da Morte. É dicir, don Servando, párroco de Calabarda, no Porto do Son.

Mais, por moito que novela centralice o seu título na figura do cura intermediario, é a novela dun roubo, o da Santa Mariña de Cereiro, nos primeiros anos da década dos oitenta, concretamente no inverno de 1981. Para recuperala, a parroquia comisiona a Nicolás Bren, ex capitán da mercante con afección pola historia, de Corcubión mais con parentela en Cereiro e a Andreu, un mozo nacido na emigración catalá. Ambos deciden que se queren recuperar a santa o mellor que poden facer é establecer cal foi a súa historia e, malia que no final da primeira parte (a novela ten tres) xa a teñen localizada, aínda haberá que esperar ben páxinas até que a figura volva a Cereiro. Porque a novela é iso, o establecemento da historia da figura roubada, aparentemente unha tosca Virxe María, mesmo mutilada, pero que vai resultar en inicio pertencente ao oratorio privado de María Estuardo e que chega a Cereiro traída polo pirata Francis Drake. Sen el sabelo participaba nun proxecto de exilio de María Estuardo argallado polo galego Conde de Carnota. O infavalorado patrimonio cultural popular galego vese así reivindicado como pertencente a un dos momentos clave da historia europea. Algo a ter moi en conta porque aínda hoxe está infavalorado e nin sequera ben inventariado, e aínda menos protexido. Eran aqueles anos de febril actividade no roubo de arte sacro, moi valioso e moi mal protexido, onde salientaría Erik O Belga , quen aparece na novela e seguramente foi moi importante na concepción dos métodos de traballo dos ladróns de Cereiro.

Manuel Gago, de quen lembramos **Vento e chuvia. Mitoloxía da antiga Gallaecia** mestura novela detectivesca con novela de base histórica e mesmo novela social para, choutando dunha noutra, compoñer esta **O anxó negro**, de feito que fai da alternancia discursiva unha das características máis definitorias da novela. Cando estamos nunha e percibimos certo avance, lonxe de continuar introduce unha das outras de xeito que a complementariedade se faga efectiva no discurso. Tendo como fío condutor a mentada recuperación da Santa Mariña, até que esta aparece, retorna a Cereiro mais a novela continúa. É entón cando sospeitamos que o discurso debe ter algunha outra centralidade, que non é outra que a figura do anxó negro cuxa definición abre esta crónica libresca. Don Servando. En realidade, un tratante de arte que vende figuras relixiosas na Costa da Morte, sendo ese o seu ámbito natural de operacións, que nalgún momento da movela chega a Vilanova dos Infantes ou Rodeiro mais xa é fóra dos dominios de don Servando, aquel seminarista chamado a altos destinos no seo da Igrexa e que se atopa como cura párroco dunha parroquia de Porto de Son, nun momento en que as rectorais comezan a ir en declive, van vellas e non hai cartos para arranxalas, cura de humildade que no remate da

novela recibirá o seu correspondente premio. Ás veces mesmo parece que beirea a novela negra, mais esta é unha novela onde a base cultural é moi forte e impide que se chegue a tal.

O que si resulta é unha novela coral na que as personaxes son o verdadeiro sostén que a mentén viva. Ademais de don Servando, Nicolás Bren e Andreu, podemos sinalar a don Ricardo, cura párroco de Cereiro, de tiste final; Peter Murray, intermediario a quen don Servando vende e que tamén é o encargado de perpetrar os roubos; as tres marías, tres mulleres que se chaman María e son todas do lugar de Pazo, resultan sospeitosas da morte de don Ricardo mais finalmente todo se aclarará; Xenoveva, filla dunha das tres marías, moza “inocente”, de poucas luces, con algún grao de inferior desenvolvemento mental, chegan a practicarlle un exorcismo; Encarna, doutoranda pertencente á alta sociedade compostelá, implicarase na descuberta da santa desaparecida e figura de importancia porque pon en valor a arte popular, que é un dos signos identificativos da novela, rescatar e poñer en valor a arte popular galega; mesmo Antón Avilés de Taramancos aparece pola novela, na súa Tasca Típica de Noia; ou Mamá Sula, sabia, meiga, curandeira, conselleira, contadora de historias, última descendente dunha saga de mamás sula. Eles son unha boa representación das personaxes da novela, á que engadiríamos o padre Saavedra, mentor de don Servando, até que este ocupe o seu lugar por fin e mais o Conde de Carnota, quen pon en relación Escocia (e María Estuardo) con Galiza (e Cereiro).

Novela de longo alento que, desde unha trama detectivesca, denuncia o abandono en que se atopa aínda hoxe o patrimonio cultural popular galego, fundamentalmente a arte sacra espallada por Galiza adiante. Non se esqueza que aínda hai nada roubaban o Códice Calixtino...

ASDO.: Xosé M. Eyré

Comentarios desactivados en crítica de O ANXO NEGRO

crítica de IZAN O DA SACA (Xabier Quiroga, Xerais)

Filed under: [ACTUALIDADE LITERARIA](#), [CRÃ“NICA DA CRÃ“TICA](#), [CRÃ“TICA DE ACTUALIDADE](#) — 30 de Maio de 2016 @ 6:30 p.m.

NAZIS NA GALIZA

Título: Izan o da saca

Autor: Xabier Quiroga

“Se todos os feitos relatados neste libro fosen tirados da fantasía non quedarían verdades nos recunchos máis agochados da nosa historia” (11) Así conta a nota do autor que encabeza esta nova novela de Xabier Quiroga. É dicir, concíbese a novela como un territorio híbrido que alía fabulación ou ficción e realidade histórica. De xeito que a ficción subsane eivas do estudo histórico, constrúense ficcións que ben puideron ser historia, nunha simbiose onde ambos coceptos se retroalimentan, achándose aquí un dos atractivos da novela: lémosa coma unha mestura entre documento histórico e ficción que axuda a dar luz a aquelas pasaxes máis escuras. Precisamente a novela dispón dunhas “Notas informativas e bibliowebgráficas” no remate coa fin de que o lector poida acompañar a lectura de materiais que lle axuden a discernir aquilo que é ficción do que non o é, comprobar como a ficción e a non ficción de alían para ofrecernos unha novela apaixonante, unha novela na que non todo é ficción, na que aparecen personaxes reais e feitos demostrábeis na historia.

O protagonista central da novela é Pepe Reina, Reiniña, un taxista amigo de ler que se herda desde a anterior **Cabo do Mundo**. A novela encétase e remátase “A casca”, vén envolta no que lle acontece ao Fiscal Superior de Xustiza que recibe un misterioso paquete no que vai a novela e unha serie de noticias sobre mortes sen aparente conexión. O que o lector le, é o que le o Fiscal Superior de Xustiza, unha trama confeccionada a partir de diferentes pezas narrativas que no remate adquiren toda lóxica e concordancia. Os capítulos da novela vense complementados por “No escuro”, reflexións que non deixan de ter certo ar poético; as confesións de O Graciano, personaxe clave na memoria dos nazis na Galiza; e “Galiza, N.O. da península Ibérica, onde se dá conta da purga no ensino por parte franquista así como da rapina posterior e o asentamento dos nazis na Ribeira Sacra. Todo isto vai complementando a investigación do Reiniña, contratado por un alto xerarca do Partido Popular para eliminar do pasado posibles vínculos indesexábeis posto que o seu nome se menciona na investigación dun historiador que aparece morto en circunstancias nada claras. A partir de aí, Reiniña irá xuntando as pezas necesarias para a confección do puzzle. Esas pezas necesarias non só son críbeis ou verosímiles senón demostrábeis, de aí a información bibliowebgráfica do remate. Aquí é onde xorde a ficción en auxilio da Historia, pois mesturada con esas pezas históricas mestúrase algunha historia que é ficción mais ficción totalmente verosímil. Como a historia de Armando, o mestre depurado, de Loliña (posterior dona Manolita), Víctor, Barrabás, Lelia... Mais o avión caído en Córneas, Vigo como estación de saída de nazis cara a ultramar, Frederik Wilhelm Cloos, Walter Kutschmann, a “Ruta das Ratas”, Sofindus ...son totalmente pedazos de historia perfectamente localizábeis.

Izan o da saca, fagan o favor de ler o título nun espello, é unha novela que percorre os tempos da Guerra Civil, 2ª Guerra Mundial e posteriores deica chegar á actualidade, coma sempre nas novelas de Xabier Quiroga, a historia é un río cuxas ribeiras actuais se explican por como foron hai décadas, de xeito que tanto os indignados coma os preferentistas están presentes na fabulación. A traxedia que

foron as guerras dá paso á traxedia que significou a depuración social e a violencia social non se resolve co paso do tempo senón que permanece aí como un asunto sen resolver. Igual ca unha deriva do Partido Popular cara a posicionamentos galeguistas que non deixa de ser un *desideratum*, sobre todo porque din unha cousa e logo fan outra. Mais D. Manuel, quen contrata a Reiniña, ten motivos sobrados para preocuparse e o seu nome desde logo ten que estar vinculado ao estudo do nazismo na Ribeira Sacra, dilucidar iso é o que fai a novela, é no que consiste a novela. Unha novela que primeiro trata o nazismo na Galiza para despois ir acurtando o alcance ao Mosteiro de Samos (cos seus corredores soterrados) e Pazo de Arxeriz de xeito que fica centrado na Ribeira Sacra, ao pé do Miño.

ASDO.: Xosé M. Eyré

[Comments \(2\)](#)

[crítica de CONTOS NERVIOSOS \(Fran Alonso, Embora Edicións\)](#)

Filed under: [ACTUALIDADE LITERARIA](#), [CRÃ“NICA DA CRÃ“TICA](#), [CRÃ“TICA DE ACTUALIDADE](#) — 23 de Maio de 2016 @ 6:35 p.m.

CONTOS CONTADOS

Título: **Contos nerviosos**

Autor: Fran Alonso

Editorial: Embora

Poucos agasallos mellores ca unha tarde de bos contos, que é o que nos ofrece Fran Alonso neste novo título: **Contos nerviosos**. A verdade é que de nerviosos non teñen nada, a non ser que sempre hai unha personaxe que resulta que a poñen dos nervios por algunha razón, como vulgarmente se di. No primeiro dos casos é Amelio, que é alérxico aos ruídos, coma tantos de nós, que vivimos nunha sociedade tan ruidosa que xa se nos fai estraño o silencio, a paz do silencio énos allea e precisamos continuamente o ruído que nos calme os nervios. O caso de Amelio é preocupante, como pode ser o de calquera de nós, porque a súa alerxia ao ruído non resulta doada de tratar, o alergólogo non lle soluciona nada, mais, coma sempre, hai alguén máis autorizado na materia e ese é o Superalergólogo e el si. El si lle propón unha cura e esta é unha terapia de choque que terá que enfrontar Amelio malia que os ruídos o poñen malo, pero malo de verdade. Non se pode agachar aquí certa crítica á ruidosa sociedade na que vivimos. En realidade, aínda que estes contos teñen a pinta de seren contos contados algunha vez a algunha crianza, son contos froito da sociedade que nos toca vivir, este e calquera dos outros tres. A solución ao caso de Amelio non deixa de ser imaxinativa e súper lóxica, mais nós non a imos desvelar aquí. Aínda

que si debemos engadir, froito do comentado anteriormente, que estes contos de Fran Alonso resisten moi ben o seren contados. É dicir, trátase de contos para seren contados, poden quedar nunha simple a agradábel lectura mais, sobre todo habendo crianzas polo medio, son moi agradecidos coa versión oral.

“Sabemos quen es”, “Dependes de nós” son mantras que perseguen a protagonista do segundo conto. Alí onde vaia ou faga o que faga sempre se lle aparece o mantra a intranquilizala, tal e como a Administración nos controla decote así é controlada a protagonista impenitentemente. Por teléfono ou na rúa as mensaxes non deixan de pesegui-la. Entón decide querer saber quen é quen a controla, de quen depende, e emprende unha búsqueda que rematará nunha procura da propia personalidade. E sae á rúa “O día estaba alegre. Había nubes violeta con forma de lambetada...” (27). O paseo parece reconfortala mais crúzase no seu camiño un pit-bull, un can fero de ollos negros que a persegue e dun automóbil ciscan papeis lembrádolle o mantra. Gorécese na súa casa mais o ascensor non a leva ao andar que ela quere, sempre para no inferior ou non superior mais nunca no que ela precisa. Tamén coñece a un velliño sentado sobre un colchón, un velliño que é do país dos soños. Cando sente fame apetécelle almorzar “unha ensalada de plátano e ourizo de mar” (38). Parece que só lle acontecen cousas sen xeito cando visita Cabrafanada (tamén é o nome dunha uqe foi bitácora do autor) e fala coa Xirafa. Mais desvelará o misterio, co tempo decatarase de que o segredo é saber quen é ela, e sabido iso non poderá sorprendese de que sexa unha personaxe sen dereito á intimidade nin á vida privada.

O terceiro conto titúlase “Café Tropical” e hai unha máquina para cumprir desexos e os desexos da xente consisten en “apartarse da realidade” (49). De aí o poder da ficción, que nos permite mergullarnos nun estado de cousas que pode non parecerse ao que vivimos todos os días. Aquí reparece o Velliño do País dos Soños, “o único lugar do mundo onde se pode vivir sen nada” (50). E hai unha Personaxe que está molesta porque quere ser unha Persoa. E mesmo un Cazador de Bolboretas Brancas que si lle resulta molesto ao neno e actúa en consecuencia, modificando todo o que non lle gusta. Porque a realidade virtual é así, déixache actuar sobre ela amis hai que facelo con moito coidado, non vaia ser que rematemos querendo que todo volva ser coma antes.

E o cuarto conto é o dunha nena que está de aniversario. 10 anos. Unha nena lacazana e insolente aínda que ela prefira verse lista e espelida. Non lle pracen os presentes que os amigos lle traen, por moi valiosos e benintencionados que estes sexan. Porque ela é a Raíña do Ceo. Unha das compoñentes do Club das 4 Selectas. E non lle serve calquera cousa. De feito esta é a única personaxe negativa, a única personaxe que necesita unha lección de vida que a humanice, tal e como no remate acontecerá. Caprichosa e repugnante acabará tendo o seu merecido.

Eis un convite para unha tarde divertida lendo estes catro contos de Fran Alonso, que teñen o seu de metaliterarios e tamén de termo de comparación coa vida real. Contos que seguramente naceron en versión oral e por iso aturan tan ben o

seren contados despois de lidos.

As ilustracións son de Dani Padrón.

ASDO.: Xosé M. Eyré

Comentarios desactivados en crítica de CONTOS NERVIOSOS (Fran Alonso, Embora Edicións)

[crítica de O ENIGMA DE CARONTE \(Carlos Vila Sexto, Galaxia\)](#)

Filed under: [ACTUALIDADE LITERARIA](#), [CRÁ“NICA DA CRÁTICA](#), [CRÍTICA DE ACTUALIDADE](#) — 16 de Maio de 2016 @ 6:29 p.m.

UNHA AVENTURA PARA OS CINCO

Título: O enigma de Caronte

Autor: Carlos Vila Sexto

Editorial: Galaxia

Non, non nos referimos aos [Famosos Cinco](#) de [Enid Blyton](#). Mais non cabe dúbida de que Carlos Vila Sexto, con este título, rende homenaxe á controvertida autora inglesa, tan odiada como amada e que para moitos lectores novos ten un lugar preeminentemente entre as súas preferencias aínda hoxe. Non son catro e mais o can, coma no caso de Blyton, son cinco: Vítor, Adrián, Dani, Sara e Álex. Parece fóra de toda dúbida que o autor quixo escribir unha novela tendo en conta os grandes clásicos, e así cita *A illa do tesouro*, [Os xogos da fame](#), *20.000 leguas baixo os mares*, *O oito* ([Katherine Neville](#)) ou *O retorno do rei* (J.R.R. Tolkien) ademais dos sete libros de [Harry Potter](#) mais resulta practicamente imposíbel ler a novela Carlos Vila Sexto sen ter en conta a serie e Enid Blyton.

Como en toda boa aventura deste estilo, a novela de Carlos Vila Sexto presenta a cinco mozos no verán anterior a comezaren o bacharelato, tres mozos (Dani, Vítor, Adrián) e dúas mozas (Álex e Sara) nun pobo (Cabo Lázaro) do norte de Galiza, que se terán que enfrontar a enigmas sobre enigmas unha vez que un sexto rapaz, Marcos, morre de maneira pouco clara. Os cinco van tirando do fío que representa unha insignia achada no cantil polo que Marcos caera, e o que parecía unha morte accidental vaise converter nun asasinato cunha escura motivación detrás. Este primeiro enigma lévaos a outro e esoutro a outro máis, que non imos desvelar aquí para que cada lector poida sorprendese na súa lectura. Tendo como enigma final unha medalla con dúas ceveiras chamada a Medalla de Caronte, pois pode devolver a vida poñéndoa en contacto con algún obxecto da persoa que se quere revivir. Este é

un aspecto que descorazona un pouco, a presenza efectiva da maxia, porque chegan a usala e máis dunha vez, e parece que deixa en menor lugar a serie de aventuras detectivescas que os rapaces teñen que vivir para facerse coa dita medalla, aventuras variadas e perigosas.

No camiño das súas pescudas itrán aparecendo personaxes curiosas e agardábeis nun título destas características. Velaí, por exemplo, Toño e Mazaira, dous mozos maires cós protagonistas e que traballan de enterradores, moita forza bruta e moi pouco cerebro, os dous típicos abusóns dos que teñen que alonxarse os cinco protagonistas se non queren enforntarse a forzas que eles non son quen de dominar. Tamén hai un estranxeiro, descrito en termos amábeis, que altera un pouco a tranquila vida da pequena vila de Cabo Lázaro. E un fareiro borracho que en principio parece un axeitado coadxuvante para os cinco protagonistas mais que tardará en revelar a súa verdadeira catadura. E unha pousada, único establecemento hostaleiro da vila, rexentada por un curioso matrimonio, el artista e ela de carácter seco. Polo medio, os problemas dos maiores, que tamén se terán que resolver, e que teñen que ver coa sorte que correrá o varadoiro, única industria local e que queren mercar para no seu lugar construír un porto deportivo, e que no fondo esta pretensión agacha unha salvaxe transformación de toda a vila.

Eis un título de lectura familiar, publicado en colección para mozos e mozas mais cuxa lectura agradecerán tamén os maiores, sobre todo aqueles que na súa mocidade leran **Os Cinco**, porque lles espertarán unha sentimentalidade agochada desde a lectura das obras de Enid Blyton. Novela de longo alento, esta sucesión de enigmas e descubertas, cunha ben dosificada administración da intriga, que fai ir *in crescendo* a medida que se van pasando as páxinas da lectura e dun enigma se salta a outro. Se cadra un chisco de máis para que adoitan aturar mozos e mozas destas idades, aínda que tamén é certo que a moitos deles ningún desafío os detén e xa se apuntou aquí o carácter familiar da lectura, á que tamén lle senta ben o logo alento porque permite unha meirande familiarización coas personaxes e aquí non son poucas. Tamén novela iniciática, aí na fonteira entre a nenez e a adolescencia, xusto na idade en que os corpos comezan a vivir un baile de hormonas que lles redimensiona a vida. Misterio, aventuras e iniciación, son as tres palanras que mellor definen esta nova novela de Carlos Vila Sexto, autor coruñés que se dera a coñecer de xeito precoz aos 14 anos con *Alén da aventura* e de quen *Gárgola*, publicada un ano despois (1993) é aínda un dos títulos máis celebrados por mozos e mozas.

ASDO.: Xosé M. Eyré

Comentarios desactivados en crítica de O ENIGMA DE CARONTE (Carlos Vila Sexto, Galaxia)

Filed under: [ACTUALIDADE LITERARIA, CRÁ“NICA DA CRÁTICA, CRÍTICA DE ACTUALIDADE](#) — 12 de Maio de 2016 @ 5:41 p.m.

O DESEXO. LIBRO ÚNICO

Título: O desexo

Autor: VV.AA

Editorial. Caldeirón.

Puido verse no Pazo da Cultura de Carballo, do 7 de abril ao 8 de maio, e posteriormente foi a Malpica, unha exposición pictórica a redor de Xulio Maside, Xoán Pardiñas e Fernando Riveiro, acompañados por textos de Ramón Neto, Verónica Martínez, Lino Braxe, Emma Pedreira, Eli Ríos, Eduardo Estévez, Mercedes Leobalde, Alberte Momán, Antonio G. Teijeiro, Miguel Mato, Paco de Tano, Xosé Iglesias e Paco Souto. O que publica agora Caldeirón é o catálogo, un libro único, un libro para inmortalizar aquela exposición con límite no tempo e en lugares determinados. Por iso é un libro único. Libro obxecto ao que concorren os protagonistas antes citados baixo o tema común de “o desexo”. 5 traballos por cada autor desde a pintura, un poema por autor, sempre co mesmo tema. Polo que á autoría colectiva de pintores e poetas cómpre engadir a iniciativa de quen soubo reunir obras tan dispares baixo un mesmo tema. Porque se os poemas non son ao chou e teñen todos un tema común, igual sucede nos traballos pictóricos. Caso especial é o de Maside, que presenta catro parellas (unha en azuis, unha con gato, outra con gato negro, outra sen nada) e unha fiestra, unha fiestra, ese oco aberto ao desexo de que a paisaxe entre en nós, ese oco aberto para nós entrarmos na paisaxe. Pardiñas presenta pinturas, cinco tamén sobre diferentes superficies, e Riveiro tres collages e dous acrílicos ademais do deseño da portada.

Caldeirón obséquianos a posibilidade única de ver/ler como interpretan o desexo todos estes autores, *recadro no que a chama se corre / para fixarse como queimadura* (Ramón Neto). *Diseminado / desde o seu lugar de orixe / a todas as partes do corpo* (Verónica Martínez), *ese latido xeneroso que converte a alegría / nun antídoto contra a culpa* (Lino Braxe). *Podo ulirvos / atrapados na vosa espiral de bocas / as mans confundidas nos adentros* (Emma Pedreira). *E , entón, agárdote / (só ese instante necesario) / xusto antes de esvaece* (Eli Ríos). *Sen horario nos pulsos / coa loucura gozosa / na tona das mazás das nosas mans sen luvas / e nas bocas* (Mercedes Leobalde). *E xuntos imos pechando os ollos / para ficar durmidos / no contacto necesario* (Alberte Moman). *Abrazos invisibles / acomódanse nas marcas desa pel común / agochando as olladas sospeitosas / duns desexos sen destino* (Antonio G. Teijeiro). *De xeito consciente / e rebelde / amando a vida* (Miguel Mato) *Na fuxida / de todos os tempos / no solpor* (Paco de Tano) *Extenuamos o tempo para non esquecer a paisaxe / Acouga mudo o atlas da*

intemperie / O corpo fóra do abismo observa minuto a minuto / A estarexia da eternidade (Xosé Iglesias) *Do nome que te condenaba a amarte / En por ti* (Paco Souto)

Velaquí unhas farangullas poéticas para irlle catando o sabor a este libro único. Nos seguintes enlaces pódese ter unha máis completa [información](#) da [exposición](#) deste diálogo interartístico.

ASDO.: Xosé M: Eyré

Comentarios desactivados en crítica de O DESEXO (VV. AA. , Caldeirón)

[**crítica de A ROTURA DAS PAISAXES \(Xesús Constela, Xerais\)**](#)

Filed under: [ACTUALIDADE LITERARIA, CRÁ“NICA DA CRÁTICA, CRÍTICA DE ACTUALIDADE](#) — 4 de Maio de 2016 @ 5:42 p.m.

ARREDOR DO CONCEPTO DE NOVELA

Título: **A rotura das paisaxes**

Autor: Xesús Constela

Editorial: Xerais

A día de hoxe, o cocepto de novela foi tantas veces contestado que case parece un atrevemento facelo de novo outra vez. Mais o mundo é dos que ousan, dos que se atreven e teñen a suficiente cualidade literaria como para ofrecer produtor anovadores, frescos, que destilan literatura por cada poro de papel. Como aquí Xesús Constela, neste xogo entre relatos independentes (algúns xa viran a luz en publicacións colectáneas) e novela que os integra. Que comeza por cuestionar o papel do narrador, anda menos, narrativa que cuestiona e elimina o papel do narrador. Quen iso fai caerá no teatro, e algo parecido é o que Constela nos ofrece nos treitos narrativos que unen os diferentes cartafoles que dous camiñantes (un home cun plumífero verde e outro que camiña axudado por muletas) van atopando no seu deambular por unha praia e van lendo consecutivamente, dous camiñantes aos que lles acontecen cousas extraordinarias, de súpeto recitan en linguas que descoñecían ou transládannos teoremas de física cuántica dos que tampouco tiñan in a máis mínima noticia. Eles os dous non teñen narrador senón acoutacións que interfiren na narración parateatral que vai enfiando o relato. Eles os dous son a

substancia adxetivada nos contos mais que –oh, contradición- tamén acabarán sendo narradores, complementando os cartafoles que lles van aparecendo esperexidos pola praia adiante. Oh contradición, ou non tanto, a novela pretende rachar o concepto de narrador tradicional en terceira persoa, mais non o narrador en primeira persoa, a substancia. Para chegar a iso, á substancia, ráchanse todas as paisaxes. A novela parte dunha cita de Toulouse-Lautrec: *Só a figura existe, a paisaxe é e non debe ser nada máis ca un accesorio (...) A paisaxe non debe servir senón como medio para facer comprender mellor o carácter da figura.*(11) Unha cita que non propón nada novo ou diferente do que propoñían os románticos, actualízao e convídanos a quedarnos co verdadeiramente substantivo da narración. Parte da cita e fai honor a ela, racha todas as piasexes agás a dos ollos da figura humana, que en canto os pechen fará desaparecer todo o que as envolve, como no experimento cuántico de Erwin Schrödinger (290), coa chiscadela de ollos a paisaxe estará e non estará á vez, igual que o gato metido na caixa.

Os relatos integrados son moitos e de moi diferente catadura. “Paisaxes de vinganza” proponnos o caso dunha tomateira á que lle nacen microobxectos por ela adiante; o conto de Gonzalo, de quen o Ministerio de Emprego sabe todo e quen mata formando parte dun Programa de Diminución das

Taxas de Desemprego; un pianista que constrúe un hotel e conta unha historia que a xente que a escoita morre; uns anxos que son copia doutros famosos e que se rebelan conta o Mariscal, ditador que goberna con man de ferro; unhas plantas que matan o home que as cultivaba; ou o home que mata repartidores de pizza. Mais o importante é o diálogo que nos propón, o diálogo co texto a través da lectura dos contidos que nos van aparecendo diante dos ollos. Acaso os contos que imos lendo non son coma os microobxectos da tomateira? Acaso nós, os lectores non morremos un pouco cada vez que finalizamso a lectura dun conto? Os propios contos, acaso non son trasunto doutros que se lles puideran parecer como os anxos? Os propios contos non rematan coa vida do narador cando aparece apalabra fin, como as plantas caladas? Segundo imos lendo non rematamos nós cos narradores segundo se nos van repartindo os diferentes contos/pizzas?

Logo deste primeiro mangado veñen outros contos de meirande extensión. “De terra combusta” sobre a combustión expontánea convídanos a seguirmos pensando sobre o que lemos en termos semellantes ao xa exposto. “Carne” ven engrandecer a rica hermenéutica da novela ao presentarnos un cemiterio de coches onde os automóviles, o que queda deles, conversan entre eles nun diálogo con matices simbólicos e subrealistas, outra volta beireando o teatro, con acoutacións e sen narrador coma no fío condutor da novela. De primeiras, calquera diría que é puro teatro, mais permítasenos distinguir entre o teatro a narración sen narrador, como é o obxectivo aquí. Calquera diría que é puro teatro porque Constela ten moi poucos miramentos cos límites xenéricos, de xeito que o seguinte conto, “Cidade castigada”, é pura poesía (narrativa, mais non só) trufada con fotografías en branco e negro dunha parella bailando, unha parella bailando que agacha unha sorpresa que non imos desvelar aquí. Fican aínda cinco relatos máis, de meirande brevidade, de contido moi

diverso, titulados cun nome de perosa ou alcume: O “Coronita”, que ía camiñar encol das augas;”Sebastián”, un león das finanzas que ve como os seus investimentos se perden coa caída das farmacéuticas, iso si, desde o mar Mediterráneo; “Adelina”, emigrante á que todos denigran e non lle queda outra que sobrevivir roubando; “Andrés”, moi poético, unha sonata a carón do mar; e “Antonio”, o duro relato dunha fuga de Peniche nos tempos de Salazar.

Un atrevido proxecto que pon en solfa o concepto de novela mentres o autor vai construindo unha novela a partir de relatos diversos e sen conexión entre si a non ser a autoría. *Tour de force* no que o propio autor se inclúe como personaxe e do que sae moi airoso. Facer a partir do desfeito, unha marabilla ver como se vai creando unha novela que engule discursos tan dísímiles, cunha simpleza que é só aparente e agacha unha complexidade maiúscula. Unha novela moi recomendábel a mentes activas, que sexan quen de acompañar o cuestionamento inicial mentres se asiste á milagre da creación unívoca de materiais diversos.

ASDO.: Xosé M. Eyré

[Comments \(2\)](#)

[crítica de CARA AO LESTE \(Antía Nara, Xerais\)](#)

Filed under: [ACTUALIDADE LITERARIA](#), [CRÃ“NICA DA CRÃ“TICA](#), [CRÍTICA DE ACTUALIDADE](#) — 26 de Abril de 2016 @ 6:26 p.m.

RENDER CONTAS

Título: **Cara ao leste**

Autora: Antía Nara

Editorial: Xerais

Discurso que centraliza o seu obxectivo na análise e descrición dos tipos, das personaxes que poboan ambos mundos, as que sofren a violencia e tamén as que a desencadean. Isto dicíamos en 2007 logo da publicación de **Aquel lugar**, primeira novela da autora, [Antía Nara](#), pseudo de Antía Mato Bouzas. E sérvenos para comezar o discurso crítico da súa segunda novela, **Cara ao leste**, que anda nos trinqués das librarías nestes días. **Cara oa leste** é unha novela coral e intemporal, son as súas dúas características máis salientábeis. Coral porque se nos ofrece o vivir de varias personaxes que se volven xuntar despois de que os seus camiños diverxeran levando a cada unha para seu lugar. Elsa, que vive con Sascha en Alemaña; Helena,

que traballa na estación de autobuses da capital; Iris elegante e ben falada, que vive con Roberto, e Nela acoden ao velorio de Isolina, a xornaleira, que deixou ben patente que non quere saber nada de tanatorios. Intemporal porque a novela é o campo de experimentación narrativa, nada trascende de cando acontecen os feitos, non se nos din as datas en que pasan as cousas, iso é o de menos, o interesante é a análise dos feitos, a análise da mensaxe que nos transmite a novela: non hai contas que non se salden, pode pasar máis ou menos tempo, porén as feridas continúan a doer e, cando menos o agarda un, preséntase a ocasión de saldar contas, de facer que a xustiza tome corpo nun acto de vinganza. Pode parecer duro, isto que dicimos, facer que a xustiza tome corpo nun acto de vinganza, mais no espazo narrativo que é a novela, a vinganza é un acto de xustiza, o único xa posíbel, pois o paso do tempo foi obrigando a que xa non haxa outro camiño que tomar. Cando menos, na literatura fícanos a posibilidade da xustiza poética.

Cara ao leste parece unha novela de mulleres. Alén do cuarteto protagonista e Isolina, a xornaleira que coida de Elsa cando lle morren os pais, aínda hai que contar con Bárbara e Matilde. Porén, iso non quere dicir que desaparezan os protagonistas masculinos, mais entre eles hai un que deixa en sombras a todos os demais, Ernesto, encarnación do vello cacique metido a empresario construtor que en realidade resulta o culpábel de que Al-luaira, a aldea, non prospere malia todos os seus proxectos. Puido ser, cando Nela, Helena, Iris e Elsa soñan e levan a cabo unha cooperativa, mais un oportuno lume destrúe a primeira colleita ciscando as protagonistas por aquí e por alá. Un capítulo terríbel o dedeicado aos incendios, que non deixa de responder a unha realidade que verán si e verán tamén nos sobrecolle a todos. Mais ben se pode concluír que a novela resulta unha clara reivindicación do traballo das mulleres, do traballo e dos seus soños. Todas se abren camiño individualmente, aínda que sexa en terras ben lonxe das galegas, como Elsa e Alemaña, por exemplo ou Helena, na capital, non se especifica cal, porque aquí topamos coa novela como territorio experimental, coa novela como territorio onde expoñer os soños e traballos das mulleres (tampouco se especifica o tempo) e o muro con que se atopan, o muro con que inevitabelmente se atopan.

Ademais este percorrido polas personalidades das distintas mulleres élle moi útil a Antía Nara para dosificar convenientemente a información e facer que a trama resulte climática. Cada unha das mulleres vai cosendo un anaco de novela, personaxes como Luís, Roberto ou inclusive o pobre Carlos non dexan de ser testemuñais, porque son elas, as mulleres as que teñen reservado o protagonismo. Porén hai un momento no cal esta novela coral, esta novela de personaxes, se converte nunha novela de intriga, esa é a información que mellor se dosifica, porque é a máis importante, a que redimensiona o discurso e o posiciona onde en verdade debe estar.

Novela coral, intemporal e de denuncia, que centraliza o seu obxectivo na análise e descrición do tipos, das personaxes que sofren a violencia e tamén as que a desencadean.

ASDO.: Xosé M. Eyré

Comentarios desactivados en crítica de CARA AO LESTE (Antía Nara, Xerais)
[Páxina seguinte »](#)

•

Xullo 2016

M	T	W	T	F	S	S
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31

[« Xuñ](#)

• **Meta**

- [Iniciar sesión](#)
- [Entradas RSS](#)
- [Comentarios RSS](#)
- [WordPress.org](#)

• **Artigos recentes**

- [crítica de TODO CANTO FOMOS \(Xosé Monteagudo, Galaxia\)](#)
- [crítica de TEMPOS DE BEBIDAS ISOTÓNICAS E FAST-FOOD \(Álex Alonso, Xerais\)](#)
- [crítica de BOSQUEXOS PARA UNHA DISTOPÍA \(Alberte Momán, Redelibros\)](#)
- [crítica de O ANXO NEGRO](#)
- [crítica de IZAN O DA SACA \(Xabier Quiroga, Xerais\)](#)

• **Histórico**

- [Xuño 2016](#)
- [Maio 2016](#)
- [Abril 2016](#)
- [Marzo 2016](#)

- [Febreiro 2016](#)
- [Xaneiro 2016](#)
- [Decembro 2015](#)
- [Novembro 2015](#)
- [Outubro 2015](#)
- [Setembro 2015](#)
- [Agosto 2015](#)
- [Xullo 2015](#)
- [Xuño 2015](#)
- [Maio 2015](#)
- [Abril 2015](#)
- [Marzo 2015](#)
- [Febreiro 2015](#)
- [Xaneiro 2015](#)
- [Decembro 2014](#)
- [Novembro 2014](#)
- [Outubro 2014](#)
- [Setembro 2014](#)
- [Agosto 2014](#)
- [Xuño 2014](#)
- [Maio 2014](#)
- [Abril 2014](#)
- [Marzo 2014](#)
- [Febreiro 2014](#)
- [Xaneiro 2014](#)
- [Decembro 2013](#)
- [Novembro 2013](#)
- [Outubro 2013](#)
- [Setembro 2013](#)
- [Agosto 2013](#)
- [Xullo 2013](#)
- [Xuño 2013](#)
- [Maio 2013](#)
- [Abril 2013](#)
- [Marzo 2013](#)
- [Febreiro 2013](#)
- [Xaneiro 2013](#)
- [Decembro 2012](#)
- [Novembro 2012](#)
- [Outubro 2012](#)
- [Setembro 2012](#)
- [Agosto 2012](#)
- [Xullo 2012](#)
- [Xuño 2012](#)
- [Maio 2012](#)

- [Abril 2012](#)
- [Marzo 2012](#)
- [Febreiro 2012](#)
- [Xaneiro 2012](#)
- [Decembro 2011](#)
- [Novembro 2011](#)
- [Outubro 2011](#)
- [Setembro 2011](#)
- [Agosto 2011](#)
- [Xullo 2011](#)
- [Xuño 2011](#)
- [Maio 2011](#)
- [Abril 2011](#)
- [Marzo 2011](#)
- [Febreiro 2011](#)
- [Xaneiro 2011](#)
- [Decembro 2010](#)
- [Novembro 2010](#)
- [Outubro 2010](#)
- [Setembro 2010](#)
- [Agosto 2010](#)
- [Xullo 2010](#)
- [Xuño 2010](#)
- [Maio 2010](#)
- [Abril 2010](#)
- [Marzo 2010](#)
- [Febreiro 2010](#)
- [Xaneiro 2010](#)
- [Decembro 2009](#)
- [Novembro 2009](#)
- [Outubro 2009](#)
- [Setembro 2009](#)
- [Agosto 2009](#)
- [Xullo 2009](#)
- [Xuño 2009](#)
- [Maio 2009](#)
- [Abril 2009](#)
- [Marzo 2009](#)
- [Febreiro 2009](#)
- [Xaneiro 2009](#)
- [Decembro 2008](#)
- [Novembro 2008](#)
- [Outubro 2008](#)
- [Setembro 2008](#)
- [Agosto 2008](#)

- [Xullo 2008](#)
- [Xuño 2008](#)
- [Maio 2008](#)
- [Abril 2008](#)
- [Marzo 2008](#)
- [Febreiro 2008](#)
- [Xaneiro 2008](#)
- [Decembro 2007](#)
- [Novembro 2007](#)
- [Outubro 2007](#)

• Categorías

- [A TÃŠA HISTORIA](#)
- [ACTUALIDADE LITERARIA](#)
- [CARA ADIANTE](#)
- [CHISTES MULEIRO-PARROTA](#)
- [CRÃ“NICA DA CRÃ“TICA](#)
- [CRÃ“TICA DE ACTUALIDADE](#)
- [curiosidades?](#)
- [EDUCACIÃ“N, ENSINO, ESAS COUSAS](#)
- [LINGUA](#)
- [LITERATURA MÃNIMA](#)
- [manipualciÃ³n informativa](#)
- [MÃŠSICA](#)
- [MENTIRAS NOS MEDIOS](#)
- [NOTICIAS CENSURADAS EN la voz de galicia](#)
- [POLÃTICA, SOCIEDADE, CULTURA](#)
- [restaurantes,culinaria](#)
- [sÃ©tima arte](#)
- [Sen clasificar](#)
- [VARIA NATURA](#)

• Comentarios recentes

- [xmeyre](#) en [crÃ“tica de IZAN O DA SACA](#) ([Xabier Quiroga](#), [Xerais](#)).
- [Raposo](#) en [crÃ“tica de IZAN O DA SACA](#) ([Xabier Quiroga](#), [Xerais](#)).
- [xmeyre](#) en [crÃ“tica de A ROTURA DAS PAISAXES](#) ([Xesús Constela](#), [Xerais](#)).
- [Xesús Constela](#) en [crÃ“tica de A ROTURA DAS PAISAXES](#) ([Xesús Constela](#), [Xerais](#)).
- [xmeyre](#) en [crÃ“tica de LIQUIDACIÃ“N DE EXISTENCIAS](#) ([Ramón Caride](#), [Xerais](#)).

• Artigos recentes

- [crítica de TODO CANTO FOMOS \(Xosé Monteagudo, Galaxia\)](#)
- [crítica de TEMPOS DE BEBIDAS ISOTÓNICAS E FAST-FOOD \(Álex Alonso, Xerais\)](#)
- [crítica de BOSQUEXOS PARA UNHA DISTOPÍA \(Alberte Momán, Redelibros\)](#)
- [crítica de O ANXO NEGRO](#)
- [crítica de IZAN O DA SACA \(Xabier Quiroga, Xerais\)](#)

• Páxinas

- [A BOCA CHEA](#)
 - [Casa Felisa](#)
 - [xantar no Rúa](#)
- [CHISTES MULEIRO-PARROTA](#)
- [CINE DE BALDE](#)
 - [noticias censuradas polo silencio de LA VOZ DE GALICIA](#)
- [como coñecín a sulema \(VIII\)](#)
- [DECÁLOGO DO LECTOR](#)
- [E TI, QUE NÚMERO ES?](#)
 - [O XUÍZ, A LINGUA, A LITERATURA](#)
- [ESTRATEGIAS DRAMÁTICAS DE ROBERTO VIDAL BOLAÑO](#)
- [GABI CONTRA OS MINIPEDROS](#)
 - [primeira noticia dos minipedros \(i\)](#)
 - [primeira noticia dos minipedros \(ii\)](#)
 - [primeira noticia dos minipedros \(iii\)](#)
- [LIBRO DA SEMANA](#)
- [LITERATURA MÍNIMA](#)
 - [decálogo do escritor de Literatura Mínima](#)
 - [dez consellos para ler Literatura Mínima](#)
 - [entre un mundo perfecto e o discípulo](#)
 - [o conto máis breve do mundo](#)
- [RECUPERANDO LITERATURA](#)
- [SEGUIMOS ADIANTE](#)
 - [ISTO NON DEBERÍA SER UNHA NOVA PÁXINA, SOBRE LUDOPATÍAS](#)
- [SULEMA VAI](#)
 - [a confesión inconfesábel de Sulema](#)
 - [a medición da soidade](#)
 - [como coñecían a sulema \(V\)](#)
 - [como coñecían a Sulema \(VI\)](#)
 - [como coñecían a sulema \(VII\)](#)
 - [como coñecín a Sulema \(i\)](#)

- [como coñecín a Sulema \(ii\)](#)
- [como coñecín a Sulema \(iii\)](#)
- [como coñecín a Sulema \(iv\)](#)
- [como coñecín a sulema \(ix\) ou o conto máis breve do mundo](#)
- [como coñecín a sulema \(VIII\)](#)
- [como coñecín a sulema \(X\) ou qué é Literatura Mínima](#)
- [historia de G.](#)
- [re-flexión metaliteraria](#)
- [TIPOS DE LECTURA, TIPOS DE LECTOR/INTERACCIÓN COA ANIMACIÓN Á LECTURA](#)

• BitÃcoras

- [a canción do náufrago II](#)
- [a conxura dos desexos](#)
- [a furada do trasno](#)
- [a navalla suíza](#)
- [A torre da derrotA](#)
- [a uvas na solaina](#)
- [a vella da manta](#)
- [abellonenia](#)
- [abra a cápsula, por favor](#)
- [acuática](#)
- [aira das letras](#)
- [alfaías](#)
- [alicia crece](#)
- [an-fianna](#)
- [another cow in the corn](#)
- [arume dos piñeiros](#)
- [ás caladiñas](#)
- [as crónicas de gáidil](#)
- [aula galicia](#)
- [beliscos pequenos](#)
- [bem invitados](#)
- [Bouvard e Pécuchet](#)
- [bragasdecores](#)
- [brétemas](#)
- [cabaret voltaire](#)
- [cabo do mundo](#)
- [cabrafanada](#)
- [CADERNO ARRAIANO](#)
- [cadernos de comunicación e análise](#)
- [calidonia](#)
- [capítulo 0](#)
- [cartafol do mandeo](#)

- [casatlántica](#)
- [chove en ningures](#)
- [colectivo literario sacou](#)
- [corte na aldeia](#)
- [croques](#)
- [de catro a catro](#)
- [dedos como vermes](#)
- [desvelando as mentiras de Feixó](#)
- [días estranhos](#)
- [elianinha](#)
- [emerecendo](#)
- [en galego](#)
- [extramuros](#)
- [fíos invisibles](#)
- [galiza non se vende](#)
- [Galiza poética](#)
- [Galizauberalles](#)
- [galpón de breogán](#)
- [ghai-teirada](#)
- [impostura de fumador](#)
- [la nave de los locos](#)
- [ládoa](#)
- [letra en obras](#)
- [luagris \(jaikus de eduardo Estévez\)](#)
- [made in galiza](#)
- [malmequer](#)
- [marcus](#)
- [Miniaturas \(3\)](#)
- [Monte Alto](#)
- [na punta da lingua](#)
- [o blog de Carlos Callón](#)
- [o embigo do becho](#)
- [o enigm albixoi](#)
- [o funambulista coxo](#)
- [O levantador de minas](#)
- [o máis extraño](#)
- [O meu bló \(da Paula\)](#)
- [o muiñeiro do tempo](#)
- [o outro lado do espello](#)
- [o porto dos escravos](#)
- [o refraneiro](#)
- [o rei de copas](#)
- [o reino dos contos](#)
- [o retrato da caixa dos mistos](#)
- [o som da alma's](#)

- [o trasno viaxeiro](#)
- [outras lerias](#)
- [pai do vento](#)
- [palabras de amauta](#)
- [pernascochas](#)
- [pés espidos](#)
- [petróglifovirtual](#)
- [planeta galego](#)
- [proxecto mourente](#)
- [punto de fuga](#)
- [república da multitude](#)
- [revolta da freixa](#)
- [revolta irmandinha](#)
- [robinson en ithaca](#)
- [sei o que figestes...nos últimos 525 anos](#)
- [si home si](#)
- [tiñádelo que ver](#)
- [tirar do fío](#)
- [valdeorosa](#)
- [x choiva ázeda](#)
- [zero vacas](#)

• BITÃCORAS EDITORIAIS

- [Baía](#)
- [edicións xerais](#)
- [editorial galaxia](#)
- [Positivas](#)
- [Sotelo Blanco](#)
- [Urco editora](#)

• dictionarios

- [dicionarios bab.la](#)
- [galego](#)
- [inglés-galego](#)
- [portugués](#)
- [traductor virtual](#)

• Lista de ligazóns

- [a tolemia é un sombreiro](#)
- [Baía](#)

- [batume](#)
- [Blog de Ana B. Bande](#)
- [blogaliza](#)
- [cantos na chaira](#)
- [cOnTOs ínFIMoS](#)
- [cráneos privilexiados](#)
- [editorial galaxia](#)
- [galego](#)
- [GALICIA ENCANTADA](#)
- [MESA POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA](#)
- [milprimaveras](#)
- [Miniaturas \(3\)](#)
- [mirar para este lado \(Eduardo Estévez\)](#)
- [movemento polos dereitos civís](#)
- [nó común](#)
- [o outro lado do espello](#)
- [os oubeos do kan-meijome](#)
- [Positivas](#)
- [redelibros](#)
- [redes escralata](#)
- [trece poemas](#)
- [tresCtres](#)
- [WordPress.org](#)

• PÃ;xinas persoais

- [Agustín Fernández Paz](#)
- [Conexión Tubinga](#)
- [dores tembrás](#)
- [eduardo estévez](#)
- [manuel maría](#)
- [marilar aleixandre](#)
- [miguel anxo murado](#)
- [O meu bló \(da Paula\)](#)
- [os libros de ánxel casal](#)
- [uxío novoneyra](#)
- [Xabier Docampo](#)
- [xavier alcalá](#)
- [xavier queipo](#)
- [xosé lois garcía](#)

• revistas literarias

- [ciudad seva](#)

- [cronopios](#)
- [jornal de poesia](#)
- [Magazine Cultural Galego](#)
- [palavreiros](#)
- [rascunho](#)
- [usina de letras](#)
- [zunái](#)

• **Etiquetas**

[Anxo Exterminador](#) [Anxo Lorenzo](#) [BNG](#) [censura](#) [corrupción](#) [crise](#) [crise económica-](#)
[crítica](#) [cultura](#) [cultura galega](#) [democracia](#) [educación](#) [ensino](#) [Esteiro](#) [Feixán](#)
[Galaxia](#) [Galiza](#) [lectura](#) [liberdade](#) [LINGUA](#) [lingua galega](#) [literatura](#)
[LVG](#) [manipulación informativa](#) [Manuel Rivas](#) [mass media](#) [medios de comunicación](#)
[mentiras](#) [mentiras e medios](#) [nacionalismo](#) [novo decreto da lingua no ensino-](#)
[poesía](#) [POLÍTICA](#) [política lingüística](#) [PP](#) [prensa e liberdade](#) [PSOE](#) [Radio Galega](#)
[RAG](#) [Raxoi](#) [Roberto Varela](#) [subliñados](#) [Xerais](#) [Xesús Vázquez](#) [Xunta](#)

•